

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DA EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS NO LUGAR DE VENTÍN”.

1) Obxecto do contrato. Necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato.

O presente contrato ten por obxecto a execución das obras do Concello de Muros autorizadas polo Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local, con suxeición ao proxecto técnico redactado cos requisitos dos arts. 2, 9 e 10 do Real Decreto- Lei 13/2009, do 26 de outubro.

O proxecto técnico ten o carácter de prego de prescricións técnicas e ten carácter contractual.

No caso de contradicción entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

2) Orzamento do contrato e valor estimado.

O orzamento base de licitación e o valor estimado recóllense no cadro de características técnicas do contrato (ANEXO I).

Na contratación destas obras entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro delas o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 75.2 LCSP e o modelo de oferta económica do presente prego.

3) Financiamento.

Este contrato financíase con cargo ao Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local creado polo Real Decreto- Lei 13/2009, do 26 de outubro.

O pago das cantidades correspondentes ao orzamento do contrato aboaranse nunha única anualidade, que corresponderá á do ano 2010.

4) Prazo de execución.

O prazo de execución do contrato será o sinalado no cadro de características técnicas anexo a este prego (ANEXO I). Este prazo computarase desde o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do trazado de planta. O prazo contarase sempre meses e días naturais.

Unicamente caberá prórroga do prazo contractual, e cunha duración máxima igual á inicialmente prevista, cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

En ningún caso o prazo do contrato non se alongará máis alá do 31 de decembro de 2010.

5) Procedemento de adxudicación.

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, de acordo co establecido nos artigos 141 e seguintes da LCSP. Na tramitación do expediente aplicarase o trámite de urxencia, segundo o previsto nos arts. 28 e 96 LCSP e 17.1 do Real Decreto- Lei 13/2009, do 26 de outubro.

6) Capacidade para contratar.

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 43 e 49 da LCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

A administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 48 da LCSP.

7) Proposicións: lugar e prazo de presentación.

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no rexistro xeral do Concello de Muros no prazo de trece (13) días naturais contados desde o seguinte ao de recepción da invitación para participar na licitación, en horario de nove a catorce horas, e en sobres pechados.

A súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das cláusulas do presente prego, do proxecto técnico e das prescricións técnicas particulares sen reserva de ningún tipo.

Cando as proposicións se remitan por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da proposición mediante comunicación telegráfica, fax ou telefax o mesmo día da presentación. Sen a concorrencia deste requisito non será admitida a proposta. Non obstante, transcorridos dez días desde a data da comunicación referida sen ter recibido a documentación, esta non será admitida.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal de empresas se o fixo individualmente nin formar parte de máis dunha unión temporal de empresas. A infracción destas normas dará lugar ao rexeitamento de tódalas proposicións que subscribise.

8) Proposicións.

8.1) Documentación que se debe achegar.

As proposicións presentaranse en dous sobres numerados correlativamente. No exterior dos sobres faranse constar os datos identificativos do licitador, o número do rexistro oficial de licitadores no que estea inscrito, se é o caso, e a denominación da obra á que concorren, debendo ir asinados polo licitador ou persoa que o represente.

A documentación presentarase do xeito que a seguir se indica:

Sobre número 1: Conterá a documentación que se indica a continuación, facendo constar, dentro do sobre e en folia independente, un índice dos documentos que se xuntan:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario:

A-1) Empresario individual: copia autenticada do NIF ou pasaporte.

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non for esixible a inscrición no Rexistro Mercantil deberán presentar escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresarios non españois de Estados Membros da Unión Europea.

A capacidade de obrar acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A-4) Empresarios non españois de Estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 17 LCSP).

A-5) Empresarios de Estados non comunitarios.

Acreditarán a súa capacidade de obrar mediante informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa. No referido informe farase constar que o Estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdicción de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdicción dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante (art. 130.1.d da LCSP)

B) Compromiso de constitución dunha unión temporal de empresas (UTE).

Para o caso de que varios empresarios concorran agrupados en unión temporal, deberán aportar un documento, en escritura pública ou privada, na que se comprometan, para o caso de resultar adxudicatarios, a constituír unha unión temporal de empresas. Este documento deberá asinarse polos representantes de cada unha das empresas e nel indicarse a participación que corresponda a cada empresa na UTE e designarse un representante da UTE ante a Administración para todos os efectos relativos ao contrato.

C) Documentos acreditativos da representación:

Cando a proposición non sexa asinada polo licitador deberá acompañarse copia de poder notarial suficiente para representar ao licitador en cuxo nome se concorre bastantado polo Secretario do Concello, pola Avogacía do Estado ou polo órgano equivalente da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, xuntarase copia autenticada do NIF do representante.

D) Documentación acreditativa da solvencia financeira e técnica e profesional.

Os licitadores acreditarán a súa solvencia financeira e técnica e profesional mediante a presentación da documentación que se indica nos apartados seguintes.

D-1) Solvencia financeira:

Informe de entidade financeira facendo constar que o licitador conta con capacidade financeira suficiente para facer fronte ao cumprimento das obrigas que se poidan derivar da execución do contrato.

D-2) Solvencia técnica e profesional:

A solvencia técnica e profesional poderá acreditarse por calquera dos medios previstos nas letras a), b), e) e f) do art. 65 LCSP. Para o caso de empregar os medios recollidos nas letras b), e) e f) xuntarase a documentación xustificativa pertinente; de escoller o medio regulado na letra e) deberán xuntarse os documentos TC 2.

E) Prohibicións de contratar e cumprimento das obrigas tributarias:

Declaración responsable de non estar incurso o licitador en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades e sobre o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social axustado ao modelo recollido no ANEXO II deste prego.

A presentación da referida declaración non obsta para que o adxudicatario provisional do contrato deba presentar a documentación acreditativa do cumprimento destas obrigas ao obxecto de elevar a definitiva a adxudicación efectuada provisionalmente.

F) Rexistros oficiais de licitadores:

Os licitadores poderán achegar certificación ou copia autenticada da inscrición no rexistro oficial de licitadores do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia ou do rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Excma. Deputación da Coruña, cunha antigüidade máxima de seis meses, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que lle poidan ser requirida a presentación dos documentos necesarios para comprobar a exactitude e vixencia dos datos inscritos.

Para o caso de estar inscritos nos rexistros oficiais de licitadores da Comunidade Autónoma de Galicia ou da Excma. Deputación Provincial, sen prexuízo do exposto, bastará con que o licitador indique o seu número de inscrición.

G) Domicilio para notificacións:

Escrito sinalando un domicilio para a práctica de notificacións e un número de teléfono. Así mesmo, poderá indicarse un número de fax e un enderezo de correo electrónico.

H) Cesión de información:

Autorización para a cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación.

Sobre número 2: Conterá a oferta económica e a documentación precisa para a valoración dos criterios de adxudicación, facendo constar dentro do sobre e en folla independente un índice dos documentos que o integran:

1.- Prezo:

Expresarase o prezo de execución do contrato, indicando de maneira independente o importe correspondente ao IVE, segundo o modelo recollido no ANEXO III deste prego

2.- Melloras:

O empresario achegará unha relación das melloras ou variantes propostas sobre o proxecto técnico xunto coa súa valoración, segundo o establecido na Cláusula 13 deste prego.

3.- Volume de traballadores desempregados na execución da obra:

O licitador presentará unha declaración relativa ao número de traballadores desempregados a contratar para a execución da obra e o tempo de ocupación na obra, entendido como número de días de alta na Seguridade Social, axustada ao modelo descrito no ANEXO IV.

9) Documentación orixinal e copias.

Os documentos que se acompañen ás proposicións deberán de ser orixinais. Non obstante, admitiranse copias autenticadas por funcionario competente. Cando se trate de escrituras públicas unicamente se admitirán orixinais ou copias legalizadas ante notario.

10) Garantías.

Non se esixe a prestación de garantía provisional para concorrer á licitación.

O adxudicatario provisional do contrato deberá prestar unha garantía do cinco (5) por cento do importe de adxudicación, excluído o IVE.

11) Criterios de adxudicación.

A puntuación máxima total dos criterios de adxudicación é de 100 puntos.

Os criterios para a adxudicación do contrato son os seguintes:

a) Volume de traballadores desempregados a contratar para a execución da obra, definido como o produto de multiplicar o número de traballadores en situación legal de desemprego a contratar polo tempo de ocupación na obra: asignaráselle unha puntuación máxima de 60 puntos.

A valoración deste criterio efectuarase consonte á seguinte fórmula matemática:

$$P= 60 \times \text{Of L} / \text{Of M}$$

Sendo:

“P” a puntuación total.

“Of M” a mellor oferta presentada polos licitadores no procedemento.

“Of L” a oferta presentada polo licitador.

A oferta (“Of”) calcúlase con arranxo á seguinte fórmula: $\text{Of} = [60 / (60 - \text{NTi})] \times \text{DASS}$.

Sendo:

“NTi” o número de traballadores a ocupar na obra declarados ao FEESL (indícase no cadro de características técnicas do contrato – ANEXO I).

“DASS” o cómputo dos días de alta na Seguridade Social dos traballadores desempregados a contratar polo licitador.

b) Melloras, definidas como maiores unidades de obra adicionais sobre as descritas no proxecto técnico, valoradas consonte ao establecido na Cláusula 13 deste prego: cualificarase cunha puntuación máxima de 40 puntos.

A valoración deste criterio efectuarase consonte á seguinte fórmula matemática:

$$P= 40 \times \text{Of L} / \text{Of M}$$

Sendo:

“P” a puntuación total.

“Of M” a oferta mellor presentada polos licitadores no procedemento.

“Of L” a oferta presentada polo licitador.

12) Admisión e rexeitamento de proposicións.

As proposicións que non garden concordancia coa documentación examinada e admitida, excedan do orzamento base de licitación ou non se axusten ao establecido neste prego serán rexeitadas motivadamente.

O órgano de contratación terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa ou declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación.

13) Variantes ou melloras.

Os licitadores poderán presentar melloras relacionadas co obxecto da obra que impliquen un valor engadido sobre o proxecto que constitúe o obxecto do contrato. As melloras deberán reunir os seguintes requisitos:

- unicamente se admitirán melloras se implican un valor engadido sobre a propia obra e repercuten no mellor servizo ou utilidade pública, tanto no aspecto constructivo como do resultado final;
- as melloras propostas formularanse aos prezos de licitación do contrato;
- no caso de xurdir necesidades novas ou causas imprevistas que motiven a modificación do contrato, o importe das melloras ofertadas poderase imputar polo órgano de contratación aos novos custos que deriven da modificación. O custo das modificacións aprobarase polo órgano de contratación segundo a proposta do director das obras e previa a audiencia ao contratista.

14) Criterios para a consideración de que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados.

Considerarase que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados nos seguintes casos:

- prezo: cando o prezo ofertado sexa inferior nun 10% á media do total dos ofertados
- melloras: cando o valor das melloras, de acordo co cálculo de custos do mercado, supoña a imposibilidade de obter ningún tipo de beneficio
- volume de traballadores desempregados: cando a declaración de traballadores a contratar do licitador exceda en máis dun 60% do número de traballadores a contratar comunicados ao FEESL.

Cando se considere anormal ou desproporcionada unha oferta darase audiencia ao licitador e procederase segundo o previsto no art. 136.3 LCSP. Así mesmo, caso de tratarse do adxudicatario, esixiranse as garantías especiais e complementarias previstas na normativa de contratación das Administracións Públicas.

Se o órgano de contratación estime que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, acordará a adxudicación provisional a favor da seguinte oferta máis vantaxosa.

15) Obriga de confidencialidade.

Os licitadores, sen prexuízo do establecido na LCSP sobre a información que debe proporcionárselle aos licitadores e a publicidade da adxudicación, poderán designar como confidencial parte da información facilitada ao formular as ofertas, en especial no relativo ao segredo técnico ou comercial e aos aspectos confidenciais da oferta.

O contratista deberá respectar o carácter confidencial da información á que acceda na execución do contrato e á que se lle outorgase esa natureza no contrato ou que, pola súa propia natureza deba ser tratada como tal.

16) Revisión de prezos.

En atención á duración do contrato exclúese a revisión de prezos.

17) Apertura das proposicións.

A cualificación da documentación e das ofertas presentadas efectuarase pola mesa de contratación composta, segundo o acordado polo Pleno do Concello de Muros en data 11 de xullo de 2007 e o establecido pola Disposición Adicional 2ª LCSP, polos seguintes membros.

- presidente: o da Corporación ou concelleiro no que delegue
- vogais: o Secretario, o Interventor e un concelleiro de cada un dos grupos políticos municipais
- secretario: un funcionario da Corporación.

O acto de apertura e cualificación da documentación contida no **Sobre 1** terá lugar o día hábil seguinte ao de remate do prazo de presentación de proposicións. Non obstante, se cadrase en sábado trasladarase ao luns seguinte.

A falta absoluta de presentación da documentación esixida nalgún dos parágrafos da Cláusula 8 deste prego para concorrer á licitación determinará a exclusión do licitador que presentase a proposta. Pola contra, os erros e omisións na documentación presentada que teñan o carácter de subsanables darán lugar a un requirimento para a súa subsanación no prazo de tres días hábiles. Os requirimentos de subsanación remitiranse por fax ao número indicado polo licitador.

Trala cualificación da documentación xeral e a subsanación, no seu caso dos erros e omisións detectados, a mesa de contratación declarará os admitidos á licitación e procederá ao exame e valoración da solvencia dos admitidos, segundo o establecido no art. 82 do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, declarando expresamente aos rexeitados e as causas do rexeitamento. Así mesmo, sinalará o lugar, data e horario do acto público de apertura das proposicións, o que se publicará no perfil do contratante e no taboleiro de anuncios do concello.

O acto público de apertura das proposicións contidas no **Sobre 2** anunciarase no taboleiro de editos da Corporación e no perfil do contratante con alomenos dous días hábiles de antelación e desenvolverase conforme ao disposto no art. 83 do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

18) Adxudicación provisional e definitiva.

18.1) Adjudicación provisional: a adjudicación provisional acordase polo órgano de contratación en resolución motivada que se notificará aos licitadores e se publicará no perfil do contratante do órgano de contratación (http://www.muros.es/ga/perfil_contratante.html).

En calquera caso, a adjudicación provisional do contrato efectuarase no prazo máximo de vinte días naturais contados desde o de remate do prazo de presentación de proposicións.

18.2) Adjudicación definitiva: a elevación a definitiva da adjudicación provisional farase mediante resolución motivada no prazo máximo de cinco días hábiles contados desde o seguinte a aquel no que remate o prazo establecido no art. 135.4, parágrafo primeiro, da LCSP, segundo o establecido no art. 9.1 do Real Decreto- Lei 13/2009, do 26 de outubro.

Para que a adjudicación provisional se eleve a definitiva, o adxudicatario provisional, no prazo de quince (15) días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación no perfil do contratante (http://www.muros.es/ga/perfil_contratante.html) do acordo de adjudicación definitiva, deberá:

a) Presentar a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e co Concello de Muros e coa Seguridade Social e declaración responsable de non atoparse incurso en prohibición para contratar.

b) Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adjudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 84 da LCSP.

19) Formalización do contrato.

O contrato formalizarase en documento administrativo nun prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao da notificación da adjudicación definitiva.

20) Acta de comprobación da implantación.

Dentro dos dez días naturais seguintes á formalización do contrato efectuarase a comprobación do trazado de planta, na data que a administración sinale, quedando obrigado o contratista, previa notificación, a acudir a este e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 212 da LCSP. A ausencia do contratista sen causa xustificada cualificarase de incumprimento contractual.

21) Dirección da obra e coordinación de seguridade e saúde. Plan de seguridade e saúde.

21.1) Son de conta do contratista os gastos de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde. A estes efectos, no prazo dos dez días naturais seguintes á sinatura do contrato, o adxudicatario deberá presentar a documentación xustificativa do nomeamento ou contratación de técnico competente para a dirección das obras e a coordinación de seguridade e saúde.

Estes nomeamentos precisarán da conformidade do órgano de contratación, que non lla poderá negar, agás por razóns de incompetencia profesional do/s técnico/s designado/s. A coSr.formidade entenderase outorgada a falla de comunicación expresa do órgano de contratación de non conformidade efectuada nos tres días naturais seguintes á comunicación do nomeamento.

21.2) No prazo dos dez días seguintes á comunicación do nomeamento do director das obras e do coordinador de seguridade e saúde, notificación da adjudicación definitiva o contratista presentará o Plan de seguridade e saúde no traballo, que será informado no prazo de cinco

días naturais sobre a procedencia da súa aprobación. En calquera caso, o prazo máximo para a aprobación do Plan de seguridade e saúde será dun mes desde a sinatura do contrato.

Se por causa imputable ao contratista non fose posible cumprir os prazos indicados e non puidesen comezar as obras ao recibir autorización para o seu inicio, aquel non poderá reclamar aumento do prazo do contrato por este motivo.

22) Prazos.

O contratista está obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución da obra, así como dos prazos parciais, comezando o cómputo en ámbolos dous casos desde o día seguinte á sinatura da acta de implantación.

O prazo total de execución da obra será o determinado consonte á proposta do contratista, para o caso de que ofrecese a redución do prazo do contrato.

23) Desenvolvemento dos traballos.

O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e toda a documentación que a integra, así como de conformidade coa instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, desde que sexan compatibles co Dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 101 da LCSP.

Así mesmo, deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

24) Condicións especiais de execución.

Conforme ao establecido no art. 17.2 e na Disposición Adicional Primeira do Real Decreto- Lei 13/2009, do 26 de outubro, o novo persoal que o adxudicatario precise contratar para a execución da obra deberá atoparse en situación legal de desemprego.

A oferta do contratista relativa ao volume de contratación de traballadores desempregados para a execución da obra no caso de serlle adxudicada vincularao contractualmente.

Aos efectos de acreditar a anterior circunstancia, o contratista obrígase a xuntar coa derradeira certificación de obra a seguinte documentación:

- unha declaración responsable do empresario identificando aos novos traballadores contratados para a execución da obra. Neste documento consignarase a identidade do traballador contratado (nome, apelidos e DNI ou DNIE), a modalidade de contratación e o período de vixencia do contrato, indicando data de inicio e de remate. Coa declaración achegará a documentación acreditativa do declarado.

Para a comprobación da veracidade dos extremos declarados polo empresario o Concello de Muros poderá recabar do contratista cantas aclaracións e documentación sexan precisas.

O incumprimento da obriga recollida no parágrafo anterior considerarase incumprimento do contrato, dando lugar á imposición das penalidades reguladas na Cláusula 28ª.

Terá a consideración de incumprimento grave o atraso superior a 20 días naturais na presentación da documentación esixida nesta cláusula, a contar desde o seguinte ao de presentación da derradeira certificación de obra.

Estimarase incumprimento grave a contratación dun número de traballadores desempregados inferior nun 50 por cento ao declarado de xeito responsable na licitación.

25) Lexislación laboral e social.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral, de prevención de riscos laborais e seguridade e hixiene no traballo e de Seguridade Social.

26) Responsabilidade por danos.

O contratista responderá por todos os danos e prexuízos ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados, coas salvidades establecidas na normativa de aplicación.

Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra.

O contratista responderá dos danos causados á administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras.

27) Gastos de transporte e almacenaxe.

Son de conta do contratista os gastos de transporte de materiais ata o lugar da obra, así como os de almacenaxe e depósito.

28) Custodia e conservación.

O contratista responderá da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou prexuízos nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

29) Gastos de anuncios, tributos e outros.

Serán de conta do adxudicatario todos os tributos e prezos públicos que deriven do presente contrato, así como os gastos que deriven da obriga de publicitar a licitación.

Son de conta do adxudicatario a realización dos proxectos de instalacións e equipos contemplados no proxecto que sexan necesarios para a súa aprobación polos organismos competentes da administración, así como a tramitación perante os ditos organismos e pagamento das taxas correspondentes.

30) Publicidade.

O contratista deberá cumprir coa obriga de publicidade das obras financiadas con cargo ao Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local nos termos previstos no Real Decreto-Lei 13/2009, do 26 de outubro, e na da Resolución do 3 de novembro de 2009 da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial.

Aos efectos de cumprimento da obriga regulada nesta cláusula, o contratista deberá empregar os carteis das obras financiadas polo Fondo Estatal de Inversión Local.

31) Aboamentos a conta de materiais acopiados.

O contratista terá dereito ao aboamento de ata o 75% do valor dos materiais acopiados precisos para a execución da obra, logo da autorización do órgano de contratación e previo cumprimento dos requisitos establecidos polo art. 155.1 RCAP.

32) Aboamento da obra executada.

Os pagamentos verificaranse contra certificacións mensuais dos traballos executados aprobadas pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación.

Segundo o establecido no art. 9.5 do Real Decreto- Lei 13/2009, do 26 de outubro, o concello aboará o prezo das obras dentro dos trinta días naturais seguintes á data de expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade da prevista para a execución da obra nos prazos fixados, agás que a Dirección das obras o considere, de xeito motivado, inconveniente.

Terán o carácter de pagamento a conta, suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supoñer en forma ningunha aprobación e recepción das obras que comprenden.

33) Prórrogas.

O órgano de contratación poderá outorgar unha prórroga para a execución da obra cando o contratista non puidese rematar a obra por causas que non lle son imputables. A duración da prórroga será como máximo igual ao tempo durante o cal non se puideron executar os traballos por causa non imputable ao contratista e, en todo caso, terá como límite máximo o 31 de decembro de 2009.

34) Penalidades administrativas.

34.1.- Por demora: cando o contratista por causas imputables a este, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, o órgano de contratación poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

Cada vez, que as penalidades por demora acaden un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

34.2.- Por incumprimento das condicións especiais de execución e demais obrigas recollidas na Cláusula 23ª: cando o contratista incumpra as condicións especiais de execución e das demais obrigas recollidas na Cláusula 23ª, o órgano de contratación poderá imporlle unha pena do 2 por cento do importe de adxudicación do contrato. Porén, se o incumprimento se xulga de natureza grave ou moi grave polo órgano de contratación, a contía da pena ascenderá ata o 6 por cento daquel importe.

34.3.- Por cumprimento defectuoso: cando ao tempo da recepción as obras non se atopan en condicións de ser recibidas por causas imputables ao contratista, o órgano de contratación

poderá imporlle unha pena do 2 por cento do importe de adxudicación do contrato. Porén, se o incumprimento se xulga de natureza grave ou moi grave polo órgano de contratación, a contía da pena ascenderá ata o 6 por cento daquel importe.

34.4.- Por incumprimento dos criterios de adxudicación: cando polo órgano de contratación se comprobe, durante a execución do contrato ou ao tempo de recibir a obra, que o contratista incumpriu as súas obrigas derivadas da oferta presentada, poderá imporlle unha pena do 3 por cento do importe de adxudicación.

34.5.- Por incumprimento das condicións de subcontratación: o órgano de contratación poderá impor penalidades nun importe do 5% do prezo do subcontrato. Para o caso de estimarse que o incumprimento é grave ou moi grave, as penalidades poderán alcanzar ata o 10% e o 20% do prezo do subcontrato. A estes efectos, a reiteración no incumprimento terase en conta para valorar a gravidade do mesmo.

35) Subcontratación.

Os adxudicatarios non poderán concertar con terceiros a realización parcial das obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos no artigos 210 e 211 da LCSP. En todo caso as prestacións parciais que o adxudicatario subcontrate con terceiros non poderán exceder do 60% do importe de adxudicación.

Así mesmo, o contratista e subcontratistas deberán observar os requisitos e condicións establecidas na Lei 32/2006 do 18 de outubro, reguladora da subcontratación do sector da construción e Real decreto 1109/2007 do 24 de agosto polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.

Conforme ao establecido no art. 17.5 do Real Decreto- Lei 13/2009, do 26 de outubro, os contratistas deberán aboarlle aos subcontratistas o prezo pactado polas prestacións que se lle encomendasen no prazo máximo de trinta días naturais, contados desde a data de aprobación polo contratista principal da factura emitida polo subcontratista ou subministrador.

36) Recepción das obras e certificación final.

A recepción das obras rexerase polo establecido con carácter xeral no art. 218 LCSP e nos arts. 163 e seguintes do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

No acto de recepción da obra, sen prexuízo dos demais extremos, comprobarase o cumprimento polo contratista das seguintes obrigas:

- o despexe final das obras e a restitución á súa situación orixinal das zonas afectadas polas obras e non ocupadas
- o cumprimento non defectuoso do contrato
- o cumprimento das obrigas asumidas polo contratista na súa proposta.

Na acta de recepción, o director das obras fixará a data da medición final das obras realmente executadas. Do resultado da medición final levantarase acta en triplo exemplar que asinarán o director das obras e o contratista.

O resultado da medición final seralle notificado ao contratista para que no prazo de cinco días hábiles mostre ou non a súa conformidade co resultado, e proseguindo a tramitación de acordo co establecido no art. 166.6 RXLCAP.

Tomando como base o resultado da medición final, no prazo regulamentariamente establecido, o director das obras redactará a correspondente relación valorada e expedirá e tramitará a certificación final das obras.

No prazo de dous meses, a contar desde a recepción das obras, o órgano de contratación aprobará a certificación final das obras executadas, procedendo ao seu aboamento a conta da liquidación final do contrato no prazo de dous meses contados desde a súa expedición.

37) Prazo de garantía.

O prazo de garantía terá unha duración dun ano contado desde a data de recepción das obras.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, seguindo, se é o caso, as instrucións que reciba do director, respondendo dos danos que poida sufrir a obra.

Se as obras se deteriorasen por incumprimento desta obriga, os traballos necesarios para a súa reparación executaranse pola administración contratante a custa do contratista.

38) Causas de resolución.

Serán as previstas nos artigos 206 e 220 do LCSP, cos efectos previstos no artigo 208 e 222.

39) Liquidación.

Rematado o prazo de garantía, se o director das obras informase favorablemente sobre o seu estado ou, no caso contrario, unha vez que se procedese á reparación do construído, no prazo dun mes o director das obras formulará proposta de liquidación das realmente executadas. Para a elaboración desta proposta tomarase como base o documento contractual.

40) Réxime xurídico.

O presente contrato de obras ten carácter administrativo e rexerese, sen prexuízo do disposto para a contratación polas Corporacións Locais, polas seguintes normas:

- Real Decreto- Lei 13/2009, do 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local;
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público;
- RD 817/2009, do 8 dSr.maio, desenvolve parcialmente a LCSP
- RD 1098/2001, do 12Sr.e outubro, aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Ademais do presente prego teñen carácter contractual os seguintes documentos:

- o proxecto de execución da obra, que terá valor de prego de prescricións técnicas
- os planos
- os cadros de prezos
- o documento de formalización do contrato.

Para o caso de existir discrepancia entre o documento de formalización do contrato e os presentes pregos, prevalecerán estes últimos.

41) Xurisdición.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación e os seus acordos porán fin á vía administrativa e contra estes haberá lugar a recurso contencioso- administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

ANEXO I

CADRO DE CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO CONTRATO. PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

DENOMINACIÓN	<i>Mellora das infraestruturas hidráulicas no lugar de Ventín. Parroquia de Louro.</i>
NECESIDADE A SATISFACER	<i>Mellora das redes de saneamento e auga potable e reordenación dos lenzos dos rúeiros.</i>
REDACTOR PROXECTO TÉCNICO	<i>D. Fernando Rey Castiñeira.</i>
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	<i>258.099,45 euros.</i>
VALOR ESTIMADO	<i>222.499,53 euros.</i>
PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA	<i>Seis meses.</i>
PRAZO PARA OFERTAS	<i>Trece (13) días naturais</i>
GARANTÍA PROVISIONAL	<i>Non se esixe</i>
GARANTÍA DEFINITIVA	<i>5% do prezo de adxudicación provisional sen IVE</i>
TRABALLADORES INDICADOS FEESL	<i>10 traballadores.</i>

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ATOPARSE INCURSO EN PROHIBICIÓN PARA CONTRATAR.

D./D^acon DNI.....e domicilio en..... en nome propio (ou en representación da empresa, con domicilio en) no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra “.....”

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 49 e 130.1.c) da LCSP

Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e sinatura do propoñente).

ANEXO III

MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

D., con D.N.I., en nome propio (ou en representación da empresa), participa no procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración para a contratación da execución da obra “.....” do Concello de Muros.

Así mesmo, comprométese a executar os referidos traballos no prezo que indica, con estricte suxeición aos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, os cales coñece e acepta integramente, realizando a seguinte oferta económica:

-PREZO SEN IVE (en número e letra):

-IVE (en número e letra):

-PREZO TOTAL (en número e letra):

Para a práctica das notificacións e comunicacións ás que puidese dar lugar a súa participación nesta licitación sinala os seguintes:

- a) Domicilio a efecto de notificacións:
- b) Teléfono:
- c) Fax:
- d) Correo electrónico:

(Lugar, data e sinatura do proponente).

ANEXO IV

VOLUME DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS A OCUPAR DURANTE A EXECUCIÓN DA OBRA.

TRABALLADORES A OCUPAR NA OBRA (POSTO)	DÍAS ALTA SEG. SOC.
TOTAL ESTIMACIÓN DÍAS ALTA SEGURIDADE SOCIAL	

TOTAL DE TRABALLADORES A OCUPAR NA OBRA (CONTRATISTA E/OU SUBCONTRATISTA):

A.- INTEGRADOS NA EMPRESA:

B.- DE NOVA CONTRATACIÓN:

(Lugar, data e sinatura do proponente).

DILIXENCIA: estes pregos de cláusulas administrativas particulares foron aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión do 22 de marzo de 2010.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.